

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA DEZANOVE DE XUÑO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezanoves de xuño de 2024, baixo a presidencia da Excmá. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. ACTAS E GOBERNO.- Acórdase a rectificación erro no acordo 40/607 da Xunta de Goberno Local do 26 de xullo de 2023, de delegación de competencias deste órgano colexiado (2024/G004/000458).

2. LICENZAS URBANÍSTICA.- Acórdase conceder a licenza urbanística para rehabilitación do Muíño de Olga e demolición de elementos anexos disconformes para uso de local museístico-didáctico, sito na estrada N-V. (expte: 2024/Y001/000063).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

3. PERSOAL.- Acórdase a validación do recoñecemento do grao persoal, nivel 22, a un policía local.

Tamén se acorda a validación do recoñecemento do grao persoal nivel 20 a un policía local.

Acórdase a prórroga da atribución temporal de funcións de cabo bombeiro, no período do 2 de xullo de 2024 ao 1 de agosto de 2024, para un bombeiro-condutor.

Así mesmo, acórdase a aprobación de bases e convocatoria da provisión do posto de xefe/a do servizo de medio ambiente mediante libre designación.

Tamén se acorda a permuta entre unha policía do Concello de Lugo e un policía do Concello da Coruña.

4. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a prórroga da autorización para o ano 2024 da instalación de casetas e caldeiros do polbo nº 1, 3 e 4 durante as festas de San Froilán dos anos 2022 e 2023 exp. ref. 2022-C005-0000017.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

5. ATENCIÓN CIDADÁ.- Acórdase aprobar os cambios de titularidade e renuncias de postos do mercado de Frigsa 2024.

Fóra da orde do día

- Contratación do Servizo de axuda no fogar no Concello de Lugo. (Exp. Ref. 2018-72). Prórroga do contrato dende o 21/06/2024 ata o inicio da prestación do dito servizo e como máximo seis meses.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.